

# DESAPARECE A OBRIGACIÓN PARA AS PERSOAS TRABALLADORAS DE PRESENTAR ÁS EMPRESAS OS PARTES DE BAIXA



O Boletín Oficial do Estado publicou a modificación dun Real Decreto pola que desaparece a obrigaón para as persoas traballadoras de presentar ás empresas os partes de IT (incapacidade temporal ou baixa laboral). Explicámoscho a continuación.



## XESTION DOS PROCESOS POR INCAPACIDADE TEMPORAL NOS PRIMEIROS 365 DÍAS DA SÚA DURACION

Os partes de baixa e de confirmación de baixa emitiranse en función do período de duración que estime o médico que os emite:

<b>MENOS DE 5 DÍAS</b>	<p>Emitirase o parte de baixa e de alta nun mesmo acto médico. A data do alta poderá ser a mesma que a da baixa.</p> <p>A persoa traballadora poderá solicitar un recoñecemento médico o día que se fixou a súa alta, e o médico poderá emitir un parte de confirmación de baixa se considera que o paciente non recuperou a súa capacidade laboral.</p>
<b>ENTRE 5 E 30 DÍAS</b>	<p>Emitirase o parte de baixa consignando a data da revisión médica sen exceder dos sete primeiros días naturais desde a data de baixa.</p> <p>Tras a revisión emitirase o parte de alta se procedese ou o parte de confirmación de baixa. Tras este primeiro parte de confirmación, os seguintes non poderán emitirse cunha diferenza de máis de 14 días naturais entre si.</p>
<b>ENTRE 31 E 60 DÍAS</b>	<p>O proceso é igual que o anterior, coa diferenza de que entre o segundo e sucesivos partes de confirmación de baixa non poderá superarse o prazo de 28 días naturais entre si.</p>
<b>DE 61 DÍAS OU MÁIS</b>	<p>O proceso é igual que o anterior, coa diferenza de que a primeira revisión non poderá exceder de 14 días naturais desde a data de baixa. Ademais, entre segundo e sucesivos partes de confirmación de baixa non poderá superarse o prazo de 35 días naturais entre si.</p>

SERÁ A SEGURIDADE SOCIAL QUE  
COMUNIQUE Á EMPRESA  
TANTO O PRIMEIRO PARTE  
DE BAIXA COMO OS  
SUCESSIVOS DE  
CONFIRMACIÓN OU O  
PARTE DE  
ALTA.  
FARAO DE FORMA  
TELEMÁTICA, DE  
MANEIRA INMEDIATA OU,  
EN TODO CASO, O  
PRIMEIRO DÍA HÁBIL  
SEGUINTE AO DA  
EXPEDICIÓN DO PARTE

En calquera destes procesos, o médico do sistema público de saúde, a empresa colaboradora ou mutua poderá fixar a correspondente revisión médica nun período inferior ao indicado en cada caso.

**ENTRADA EN VIGOR:**

**INMEDIATA** para procesos de IT en curso desde o 5 de xaneiro de 2023, e que non superasen os 365 días de duración.

**1 DE ABRIL DE 2023** para o resto de procesos